| • a • b • c • d • e • f • g • h • i • l • n • ñ • o • p | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. • B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.). | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CSIEE |

**Matemáticas aplicadas ás
Ciencias Sociais I.
1º de Bacharelato**

| Ob | Un | Contidos | Craterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
|--------------------------|-------|---|--|---|--|
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. | <ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE |
| • b • i • l • m | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSIEE |
| • b • i • l | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA |
| • g • i | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. | <ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. | <ul style="list-style-type: none"> • CMCCT |

**Matemáticas aplicadas ás
Ciencias Sociais I.
1º de Bacharelato**

| Ob | Un | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
|-------------------|-------|---|---|---|---|
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. | <ul style="list-style-type: none"> • CM CCT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. | <ul style="list-style-type: none"> • CM CCT |
| • e • g • i | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. | <ul style="list-style-type: none"> • CD |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. | <ul style="list-style-type: none"> • CCL |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. | <ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA |
| | | Bloque 2. Números e álgebra | | | |
| • i | U1 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Números racionais e irracionais. Número real. Representación na recta real. | <ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Utilizar os números reais e as súas operacións para presentar e intercambiar información, controlando e axustando a marxe de erro esixible en cada situación, en contextos da vida real. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (rationais e irracionais) e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. | <ul style="list-style-type: none"> • CM CCT |
| | U1 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Aproximación decimal dun número real. Estimación, redondeo e erros. | | | |
| | U1 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Operacións con números reais. Potencias e radicais. Notación científica. | | | |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais. | <ul style="list-style-type: none"> • CM CCT |

**Matemáticas aplicadas ás
Ciencias Sociais I.
1º de Bacharelato**

| Ob | Un | Contidos | Craterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
|-----|----|---|---|---|---------|
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real. | • CMCTT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima. | • CMCTT |
| • i | U2 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Operacións con capitais financeiros. Aumentos e diminucións porcentuais. Taxas e xuros bancarios. Capitalización e amortización simple e composta. | <ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Resolver problemas de capitalización e amortización simple e composta utilizando parámetros de aritmética mercantil, empregando métodos de cálculo ou os recursos tecnolóxicos máis axeitados. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados. | • CMCTT |
| | U2 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de cálculos financeiros e mercantís. | | | |
| • i | U3 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Polinomios. Operacións. Descomposición en factores. | <ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Transcribir a linguaxe alxébrica ou gráfica situacións relativas ás ciencias sociais, e utilizar técnicas matemáticas e ferramentas tecnolóxicas apropiadas para resolver problemas reais, dando unha interpretación das solucións obtidas en contextos particulares. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais. | • CMCTT |
| | U3 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas. | | | |
| | U3 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Sistemas de ecuacións de primeiro e segundo grao con dúas incógnitas. Clasificación. Aplicacións. Interpretación xeométrica. | | | |
| | U3 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Sistemas de ecuacións lineais con tres incógnitas: método de Gauss. | | | |
| | U3 | <ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Formulación e resolución de problemas das ciencias sociais mediante sistemas de ecuacións lineais. | | | |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións. | • CMCTT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade. | • CMCTT |
| | | Bloque 3. Análise | | | |
| • i | U4 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais e económicos mediante funcións. | <ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Interpretar e representar gráficas de funcións reais tendo en conta as súas características e a súa relación con fenómenos sociais. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos. | • CMCTT |
| | U4 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Funcións reais de variable real. Expresión dunha función en forma alxébrica, por medio de táboas ou de gráficas. | | | |
| | U4 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Características dunha función. | | | |
| | U5 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. Funcións definidas a anacos. | | | |
| | | | | | |

**Matemáticas aplicadas ás
Ciencias Sociais I.
1º de Bacharelato**

| Ob | Un | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
|-----|----|--|--|---|--------|
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións. | • CMCT |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados. | • CMCT |
| • i | U4 | • B3.4. Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicación a problemas reais. | • B3.2. Interpolación e extrapolar valores de funcións a partir de táboas, e coñecer a utilidade en casos reais. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto. | • CMCT |
| • i | U6 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. As funcións definidas a anacos. | • B3.3. Calcular límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito, para estimar as tendencias. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función. | • CMCT |
| | U6 | • B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas. | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais. | • CMCT |
| • i | U6 | • B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas. | • B3.4. Coñecer o concepto de continuidade e estudar a continuidade nun punto en funcións polinómicas, racionais, logarítmicas e exponenciais. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais. | • CMCT |
| • i | U7 | <ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Aplicación ao estudo de fenómenos económicos e sociais. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto. | • B3.5. Coñecer e interpretar xeometricamente a taxa de variación media nun intervalo e nun punto como aproximación ao concepto de derivada, e utilizar as regra de derivación para obter a función derivada de funcións sinxelas e das súas operacións. | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaas xeometricamente e emprégaaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real. | • CMCT |
| | U7 | • B3.7. Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais sinxelas que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas. | | <ul style="list-style-type: none"> • MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado. | • CMCT |

d2) Grao mínimo de consecución para superar a materia (LOMCE)

1º de Bacharelato. Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I.

Bloque 1.

Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
- MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).
- MACS1B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.
- MACS1B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.
- MACS1B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.
- MACS1B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.
- MACS1B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.
- MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
- MACS1B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións.
- MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).
- MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
- MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
- MACS1B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.
- MACS1B1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.
- MACS1B1.13.1. Elaborada documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.

Bloque 2.

Números e Álgebra

- MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (rationais e irracionais) e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.
- MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real.
- MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima.
- MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.
- MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.
- MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de

ecuacións.

Bloque 3.

Análise

- MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.
- MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións.
- MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.
- MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.
- MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.
- MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer conclusións en situacións reais.
- MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaas xeometricamente e emprégaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real.
- MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.

d3) Procedementos e instrumentos de avaliación (BAC)

Os instrumentos utilizados para desenvolver axeitadamente a avaliación das aprendizaxes dos alumnos son:

- Proba de avaliación inicial.
- A actitude, o esforzo e o nivel de atención.
- Observación directa do traballo diario na clase e participación.
- A realización do traballo día a día.
- Análise e valoración das tarefas específicas para a avaliación.
- Proba de avaliación.
- Proba de autoavaliación correspondente á unidade, que figura no libro do alumno.
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).
- Valoración cuantitativa do avance individual.
- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.
- Debates, intervencións e participación na aula.
- Proxectos persoais ou grupais.
- Elaboracións multimedia.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Ao longo do curso, tanto na ESO como no Bacharelato, realizarase para cada grupo tres sesións de avaliación; a última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria. Nos primeiros días do mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria e a correspondente sesión de avaliación para o alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria.

Durante o proceso de aprendizaxe, tanto do alumnado da ESO como do alumnado de Bacharelato, realizaremos unha avaliación que determine o grao de adquisición das competencias clave e o logros dos obxectivos de etapa, tomando como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

Os resultados indicaranos as modificacións que debemos facer para ampliar e profundar ou para recuperar ou para eliminar erros e problemas na aprendizaxe ou facer modificacións na planificación inicial da materia co fin de mellorar o rendemento do alumnado.

Debido ao carácter dinámico da aprendizaxe, esta avaliación continua, formativa e orientadora debe constituír un proceso flexible e valerse de diferentes procedementos de avaliación. Así defendemos unha avaliación baseada na

actitude do alumnado e no seu traballo. En canto a súa actitude, considerarase negativo a impuntualidade, a interrupción do desenvolvemento da clase e a falta de respecto polo traballo dos compañeiros e do profesorado, o descoidado do material propio e da aula, o incumprimento das normas de convivencia, a falta de interese e participación, ...

O profesorado facilitará ao alumnado ou aos seus pais ou titores legais as informacións que se deriven dos instrumentos de avaliación utilizados na valoración do proceso de aprendizaxe. En particular o alumnado terá acceso ás probas, exercicios ou traballos escritos, revisándoos co seu profesor ou profesora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS

As normas e criterios xerais de cualificación, serán as seguintes:

- A cualificación de cada proba será un valor numérico de 0 a 10.
- **Na corrección das probas escritas, longas ou curtas (controis) terase en conta que:**
 - I. Nestas probas valorarase o uso de vocabulario e notación científica.
 - II. Polos erros ortográficos, o desorde, a falta de limpeza na presentación e a mala redación, poderá baixarse a cualificación da proba ata un punto, incluso máis en casos extremos.
 - III. Os exercicios deberán desenvolverse de forma razoada explicando sempre que é o que se quere facer e por qué.
 - IV. A incomparecencia non xustificada (sen documento oficial) suporá unha cualificación de “0” nesa proba. Pola contra, non caso de no poder asistir a un exame por un motivo xustificado, o profesor pode establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que teña do alumno ata ese momento.
 - V. Copiar nun exame suporá a unha cualificación de “0” nesa proba.
 - VI. A non realización por parte do alumnado dalgunha proba ou control, suporá no mesmo unha cualificación de 0 (cero).
- En cada trimestre realizaranse as probas escritas que se consideren oportunas, que se basearán nos estándares de aprendizaxe das unidades traballadas.
- As probas escritas serán elaboradas con preguntas que teñan **todas o mesmo peso específico**, salvo que se indique o contrario no enunciado das mesmas.
- A cualificación de cada avaliación será a media aritmética de **todas as probas e controis** que se realicen nese periodo, cualificados **todos eles co mesmo peso nunha escala de 0 a 10**.
- Para **aprobar a avaliación** a nota obtida terá que ser **igual ou superior a 5**.
- Cada avaliación terá **unha recuperación**.
- A nota global de recuperación da avaliación pasará a ser a nota a ter en conta cara a media de xuño, sempre e cando sexa maior que a cualificación outorgada na correspondente avaliación.
- O alumnado que **non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria**, deberá facer unha proba extraordinaria en setembro (1º Bacharelato), (xuño en 2º de Bacharelato), na que se examinará de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Para acadar unha **avaliación extraordinaria positiva**, o alumno deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**.

MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES NO BACHARELATO

- ♣ A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas parciais, ou a cualificación dalgunha das probas finais no caso de ser maior.
- ♣ Para que un alumno ou alumna aprobe na convocatoria ordinaria, esta cualificación final deberá ser **igual ou superior a 5**.
- ♣ O alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria, deberá facer unha proba extraordinaria en xuño, na que se examinará de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou

teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Para acadar unha **avaliación extraordinaria positiva**, o alumno deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**.

Adaptación dos criterios de cualificación do 3º trimestre e finais con motivo da pandemia COVID-19.

Avaliación do terceiro trimestre.

- Avaliase a actividade presencial ata o 13 de marzo de 2020, data na que entra en vigor o estado de alarma.
- O período non presencial serve para mellorar, recuperar e repasar.
- Non se terá en conta en senso negativo.
- Poderase avanzar sempre que non haxa alumnado que non o poida seguir.
- Os criterios de promoción e titulación quedan regulados pola normativa vixente (LOMCE), coas modificacións introducidas pola Orde EFP/365/2020, de 22 de abril (BOE do 24 de abril), e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, que recollerá contidos abordados na aula ata o 13 de marzo do 2020. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a media das cualificacións do 1º e 2º trimestres. A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se:
 - 13.- A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi superior ou igual a 5.
 - 14.- Tendo cualificación media da 1ª e 2ª avaliacións inferior a 5, o alumnado realizou no seu caderno de forma satisfactoria todas as tarefas e actividades propostas para o 3º trimestre de forma non presencial. Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación dos trimestres 1º e 2º, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.

O nivel de eficiencia na elaboración das tarefas, o cumprimento dos prazos e a constatación por parte do profesorado de que se estivo realizando un esforzo persoal de mellora e recuperación, poderá subir a cualificación final ata nun 20% da media inicial.

As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

Graficamente sería:

| | 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN | AVALIACIÓN FINAL |
|--------|---------------|---------------|---------------|------------------|
| CASO 1 | | | | |
| CASO 2 | | | | |
| CASO 3 | | | | |
| CASO 4 | | | | |
| CASO 5 | | | | |
| CASO 6 | | | | |
| CASO 7 | | | | |
| CASO 8 | | | | |

| Cualificación final en xuño | |
|-----------------------------|---|
| | 120% da (Media da 1ª e 2ª avaliación) |
| | O valor numérico que sexa maior dos seguintes: > Media da 1ª e 2ª avaliación. > Cualificación de 5. |
| | Media da 1ª e 2ª avaliación |

| Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro | |
|--|--|
| | > Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
| | > Cualificación negativa (< 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

Avaliación de pendentes.

- > Nas actividades de recuperación do terceiro trimestre inclúense tamén as de recuperación de materias pendentes. Estas actividades serán tidas en conta xunto coas probas ou cuestionarios que se lle propoñan vía telemática.
- > Avalíanse as dúas partes nas que foi dividido o programa do curso anterior. A primeira parte, xa avaliada, poderá recuperarse con tarefas a distancia no 3º trimestre, se fora preciso. A segunda parte requirirá a realización de actividades non presenciais, vía online, que tamén poderán incluír cuestionarios ou controis obrigatorios.
- > Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba específica presencial de toda a materia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, sobre os contidos das dúas partes do temario. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a cualificación da 1ª proba parcial realizada antes do 13 de marzo de 2020.

A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se::

- ✓ - A cualificación da 1ª proba parcial foi superior ou igual a 5, e ademais se realizaron de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.
- ✓ - Tendo cualificación inferior a 5 na 1ª proba parcial, o alumnado realizou de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 1ª e 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.

Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.



As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

A casuística quedaría así::

| Cualificación da 1ª parte | Tarefas de recuperación no 3º trimestre: 1ª parte e/ou 2ª parte | Cualificación final en xuño |
|---------------------------|---|--|
| Positiva $N \geq 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ 120% da cualificación N da 1ª parte. |
| Positiva $N \geq 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 3 |
| Negativa $N < 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ Suficiente: 5 |
| Negativa $N < 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 2 |

| | Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro |
|---|--|
|  | ➤ Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
|  | ➤ Cualificación negativa (≤ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

MATEMÁTICAS II - 2º BACHARELATO

CURSO: SEGUNDO DE BACHARELATO

Obxectivos. Unidades. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Procedementos de cualificación.

Os contidos mínimos, e as unidades, correspondentes aos 1º e 2º trimestres aparecerán referenciados nos correspondentes cadros cun resaltado amarelo.

No 3º trimestre, de forma non presencial, realizaranse tarefas de recuperación, reforzo e repaso dos contidos mínimos abordados nos dous primeiros trimestres.

Así mesmo, tamén serán propostas actividades de ampliación daqueles contidos non considerados mínimos, pero que poden ser de gran axuda para abordar o próximo curso escolar 2020-2021.

Os estándares de ampliación a traballar aparecerán nos cadros pero sen resalte algún.

Unidades

| Matemáticas II. 2º de Bacharelato | | | | | |
|--------------------------------------|--------------------------|---|--------------------------------------|------------------------|--------------------------------------|
| Bloque 2. Números e Álgebra | | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | Bloque 3. Xeometría | |
| Bloque 4. Funcións | | Bloque 5. Estatística e probabilidade | | | |
| U1 | 1. Álgebra de matrices | U4 | 4. Vectores no espazo | U7 | 7. Límites de funcións. Continuidade |
| U2 | 2. Determinantes | U5 | 5. Puntos, rectas e planos no espazo | U8 | 8. Derivadas |
| U3 | 3. Sistemas de ecuacións | U6 | 6. Problemas métricos | U9 | 9. Aplicacións das derivadas |
| | | | | U10 | 10. Representación de funcións |
| | | | | U11 | 11. Cálculo de primitivas |
| | | | | U12 | 12. A integral definida |
| | | | | U13 | 13. Azar e probabilidade |
| | | | | U14 | 14. Distribucións de probabilidade |

OBXECTIVOS(Obx). UNIDADES(Un). CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE(CC). **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN**(Cadros resaltados)

Competencias clave(CC): Comunicación lingüística (CCL) - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) - Competencia dixital (CD) - Aprender a aprender (CAA) - Competencias sociais e cívicas (CSC) - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) - Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| Matemáticas II. 2º de Bacharelato | | | | | |
|-----------------------------------|-------|---|--|--|------------------|
| Ob | Un | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| | | Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | |
| • e • i | Todas | • B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. | • B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema. | • MA2B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. | • CCL • CMCCT |

| | | | Matemáticas II. 2º de Bacharelato | | |
|-------------------|-------|--|--|--|------------------|
| Ob | Un | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| • i • l | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. • B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables e suposición do problema resolto. • B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. • B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cómpre resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cómpre a resolver, e valora a súa utilidade e a súa eficacia. | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. | • CMCCT • CAA |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas. | • CMCCT • CAA |
| • d • i • l | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. • B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc. • B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. • B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. | <ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático. | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.3.2. Reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.). | • CMCCT |
| | Todas | | | | |
| • g • i | Todas | <ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. • B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. • B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático. • B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> • Recollida ordenada e a organización de datos. • Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. • Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. • Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. • Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as | <ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados. | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | • CMCCT |
| | Todas | | | <ul style="list-style-type: none"> • MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que haxa que demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas. | • CMCCT • CD |

| | | Matemáticas II. 2º de Bacharelato | | | |
|---|-------|---|--|---|----------------------------|
| Ob | Un | Contidos | Critérios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| | | conclusións que se obteñen. • Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. | | | |
| • i • l • m | Todas | • B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | • B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. | • MA2B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc. | • CMCCT |
| | | | | • MA2B1.5.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. | • CMCCT • CSIEE |
| | | | | • MA2B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. | • CMCCT |
| • b • d • h • i • l • m • n | Todas | • B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. | • B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. | • MA2B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. | • CMCCT |
| | Todas | • B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc. | | • MA2B1.6.2. Busca conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.). | • CMCCT • CSC • CCEC |
| | Todas | • B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. | | | |
| | Todas | • B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. • B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | | | |
| • e • g • i | Todas | • B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. | • B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. | • MA2B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. | • CMCCT |
| | Todas | • B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. | | • MA2B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. | • CMCCT |
| | Todas | • B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados. | | • MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. | • CCL • CMCCT |
| | | | | • MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación. | • CMCCT • CD |
| | | | | • MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. | • CCL |

| | | | Matemáticas II. 2º de Bacharelato | | | |
|---|-------|---|---|---|----|---|
| Ob | Un | Contidos | Cráterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC | |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> MA2B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos e, sí mesmo, formula posibles continuacións da investigación; analiza os puntos fortes e débiles do proceso e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia | | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT |
O profesorado facilitará ao alumnado ou aos seus pais ou tutores legais as informacións que se deriven dos instrumentos de avaliación utilizados na valoración do proceso de aprendizaxe. En particular o alumnado terá acceso ás probas, exercicios ou traballos escritos, revisándoos co seu profesor ou profesora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ALUMNADO DE BACHARELATO NA 1ª E 2ª AVALIACIÓN

As normas e criterios xerais de cualificación, serán as seguintes:

- A cualificación de cada proba será un valor numérico de 0 a 10.
- **Na corrección das probas escritas, longas ou curtas (controis) terase en conta que:**
 - I. Nestas probas valorarase o uso de vocabulario e notación científica.
 - II. Polos erros ortográficos, o desorde, a falta de limpeza na presentación e a mala redacción, poderá baixarse a cualificación da proba ata un punto, incluso máis en casos extremos.
 - III. Os exercicios deberán desenvolverse de forma razoada explicando sempre que é o que se quere facer e por qué.
 - IV. A incomparecencia non xustificada (sen documento oficial) suporá unha cualificación de “0” nesa proba. Pola contra, non caso de no poder asistir a un exame por un motivo xustificado, o profesor pode establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que teña do alumno ata ese momento.
 - V. Copiar nun exame suporá a unha cualificación de “0” nesa proba.
 - VI. A non realización por parte do alumnado dalgunha proba ou control, suporá no mesmo unha cualificación de 0 (cero).
- En cada trimestre realizaranse as probas escritas que se consideren oportunas, que se basearán nos estándares de aprendizaxe das unidades traballadas.
- As probas escritas serán elaboradas con preguntas que teñan **todas o mesmo peso específico**, salvo que se indique o contrario no enunciado das mesmas.
- A cualificación de cada avaliación será a media aritmética de **todas as probas e controis** que se realicen nese periodo, cualificados **todos eles co mesmo peso nunha escala de 0 a 10**.
- Para **aprobar a avaliación** a nota obtida terá que ser **igual ou superior a 5**.
- Cada avaliación terá **unha recuperación**.
- A nota global de recuperación da avaliación pasará a ser a nota a ter en conta cara a media de xuño, sempre e cando sexa maior que a cualificación outorgada na correspondente avaliación.
- O alumnado que **non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria**, deberá facer unha proba extraordinaria en setembro (1º Bacharelato), (xuño en 2º de Bacharelato), na que se examinará de

toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Para acadar unha **avaliación extraordinaria positiva**, o alumno deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**.

Adaptación dos criterios de cualificación do 3º trimestre e finais con motivo da pandemia COVID-19.

Avaliación do terceiro trimestre.

- Avaliase a actividade presencial ata o 13 de marzo de 2020, data na que entra en vigor o estado de alarma.
- O período non presencial serve para mellorar, recuperar e repasar.
- Non se terá en conta en senso negativo.
- Poderase avanzar sempre que non haxa alumnado que non o poida seguir.
- Os criterios de promoción e titulación quedan regulados pola normativa vixente (LOMCE), coas modificacións introducidas pola Orde EFP/365/2020, de 22 de abril (BOE do 24 de abril), e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, que recollerá contidos abordados na aula ata o 13 de marzo do 2020. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a media das cualificacións do 1º e 2º trimestres. A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se:
 - 19.- A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi superior ou igual a 5.
 - 20.- Tendo cualificación media da 1ª e 2ª avaliacións inferior a 5, o alumnado realizou no seu caderno de forma satisfactoria todas as tarefas e actividades propostas para o 3º trimestre de forma non presencial. Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación dos trimestres 1º e 2º, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.

O nivel de eficiencia na elaboración das tarefas, o cumprimento dos prazos e a constatación por parte do profesorado de que se estivo realizando un esforzo persoal de mellora e recuperación, poderá subir a cualificación final ata nun 20% da media inicial.

As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

Graficamente sería:

| | 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN | AVALIACIÓN FINAL |
|--------|---------------|---------------|---------------|------------------|
| CASO 1 | | | | |
| CASO 2 | | | | |
| CASO 3 | | | | |
| CASO 4 | | | | |
| CASO 5 | | | | |
| CASO 6 | | | | |
| CASO 7 | | | | |
| CASO 8 | | | | |

| Cualificación final en xuño | |
|-----------------------------|---|
| | 120% da (Media da 1ª e 2ª avaliación) |
| | O valor numérico que sexa maior dos seguintes: > Media da 1ª e 2ª avaliación. > Cualificación de 5. |
| | Media da 1ª e 2ª avaliación |

| Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro | |
|--|--|
| | > Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
| | > Cualificación negativa (< 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

Avaliación de pendentes.

- > Nas actividades de recuperación do terceiro trimestre inclúense tamén as de recuperación de materias pendentes. Estas actividades serán tidas en conta xunto coas probas ou cuestionarios que se lle propoñan vía telemática.
- > Avalíanse as dúas partes nas que foi dividido o programa do curso anterior. A primeira parte, xa avaliada, poderá recuperarse con tarefas a distancia no 3º trimestre, se fora preciso. A segunda parte requirirá a realización de actividades non presenciais, vía online, que tamén poderán incluír cuestionarios ou controis obrigatorios.
- > Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba específica presencial de toda a materia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, sobre os contidos das dúas partes do temario. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a cualificación da 1ª proba parcial realizada antes do 13 de marzo de 2020.

A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se::

- ✓ - A cualificación da 1ª proba parcial foi superior ou igual a 5, e ademais se realizaron de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.
- ✓ - Tendo cualificación inferior a 5 na 1ª proba parcial, o alumnado realizou de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 1ª e 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.

Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.



As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

A casuística quedaría así::

| Cualificación da 1ª parte | Tarefas de recuperación no 3º trimestre: 1ª parte e/ou 2ª parte | Cualificación final en xuño |
|---------------------------|---|--|
| Positiva $N \geq 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ 120% da cualificación N da 1ª parte. |
| Positiva $N \geq 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 3 |
| Negativa $N < 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ Suficiente: 5 |
| Negativa $N < 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 2 |

| | Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro |
|---|--|
|  | ➤ Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
|  | ➤ Cualificación negativa (≤ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

i) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A todos os alumnos da ESO con materias pendentes ofertaráselles a división da materia en dúas partes, aos efectos de facilitarlles a recuperación da mesma por parciais.

Terán unha proba final extraordinaria en setembro os que non acaden valoración positiva en xuño.

Para facilitarlles a superación da materia, deberán realizar os exercicios do libro “Reforzo de Matemáticas”, sinalados para cada parte, a entregar no momento da realización de cada proba parcial. Servirán de modelo e pauta na confección das probas escritas.

Por outro lado o alumnado coas matemáticas de 1º, 2º e 3º de ESO pendentes, será atendido e tutelado polo profesorado que lle imparte clase no grupo de referencia, ao que deberán acudir para resolver dúbidas, revisar o traballo solicitado e recibir o apoio e estímulo necesario para recuperar a materia. Co fin de estimular ao alumno, tamén se lle valorará o traballo feito, como figura nos procedementos de cualificación.

O alumnado de 2º de Bacharelato coa materia pendente de 1º será atendido polo xefe de departamento.

A materia dividirase en dúas partes, aos efectos de facilitarlles a recuperación da mesma por parciais. Este alumnado será convocado a unha proba no mes de febreiro, na que poderá examinarse de toda a materia ou só dun parcial. Posteriormente, no mes de maio, deberá recuperar a parte da materia da que non se examinou e da que non acadara unha cualificación superior ou igual a 5. A nota final será a correspondente media das dúas partes na que se divide a materia obxecto de exame.

O Departamento proporcionará orientación e modelos de exercicios a aqueles alumnos que o soliciten, e estará a disposición deles para recomendar bibliografía ou resolver dúbidas concretas.

CALENDARIO DE PROBAS PARA Ó ALUMNADO COAS MATEMÁTICAS PENDENTES CURSO 2019-2020

ESO

❖ 1ª PROBA PARCIAL:

- ♣ Pendentes 1º-2º-3º ESO: Última semana de xaneiro, na hora e data que determine o profesorado que lle imparte matemáticas no curso de referencia.

❖ 2ª PROBA PARCIAL:

- ♣ Será substituída pola realización de tarefas de reforzo e recuperación a realizar de forma non presencial a distancia: Deberán estar entregadas e realizadas antes do 31 de maio do 2020, na hora e data que determine o profesorado que lle imparte matemáticas no curso de referencia.

❖ PROBAS FINAIS:

- ♣ No mes de setembro en data, lugar e hora a determinar pola xefatura de estudos.

BACHARELATO

❖ 1ª PROBA PARCIAL:

- ♣ Pendentes 1º Bacharelato: Última semana de xaneiro, no salón de actos do centro. Data a confirmar no seu momento pola Xefatura de Estudos.

❖ 2ª PROBA PARCIAL:

- ♣ Será substituída pola realización de tarefas de reforzo e recuperación a realizar de forma non presencial a distancia: Deberán estar entregadas e realizadas antes do 31 de maio do 2020, na hora e data que determine o profesorado que lle imparte matemáticas no curso de referencia.

❖ PROBA FINAL EXTRAORDINARIA:

- ♣ No mes de setembro en data a determinar pola xefatura de estudos.

MATERIA POR PARCIAIS

PTES 1º ESO

1ª proba parcial: Números naturais. Potencias. Divisibilidade. Números enteiros. Decimais. Fraccións. Proporcionalidade directa. Porcentaxes.

2ª proba parcial: Álgebra. Rectas e ángulos. Figuras xeométricas. Áreas e perímetros.

PTES 2º ESO

1ª proba parcial: Divisibilidade de números naturais. Números enteiros. Potencias. Decimais. Fraccións. Proporcionalidade directa e inversa. Ecuacións de primeiro grao. Sistemas de ecuacións.

2ª proba parcial: Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Semellanza. Corpos xeométricos. Medida do volume.

PTES 3º ESO, MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS

1ª proba parcial: Os números e as súas utilidades (fraccións, potencias, expresións decimais, notación científica, porcentaxes, aumentos e diminucións porcentuais, índice de variación...). Problemas aritméticos. Progresións. A linguaxe alxébrica. Ecuacións de primeiro e segundo grao.

2ª proba parcial: Sistemas de ecuacións lineais. Funcións. Interpretación de gráficas de funcións. Funcións constantes, lineais e cuadráticas.

PTES 3º ESO, MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS

1ª proba parcial: Os números e as súas utilidades (fraccións, potencias, expresións decimais, notación científica, porcentaxes, aumentos e diminucións porcentuais, índice de variación...). Problemas de proporcionalidade e porcentaxes. Secuencias numéricas. A linguaxe alxébrica. Ecuacións de primeiro e segundo grao.

2ª proba parcial: Sistemas de ecuacións lineais. Funcións. Interpretación de gráficas de funcións. Funcións constantes e lineais.

PTES 1º BACHARELATO, MATEMÁTICAS I

1ª parte: Números reais. Números complexos. Álgebra. Resolución de triángulos. Fórmulas e funcións trigonométricas. Vectores. Xeometría analítica.

2ª parte: Lugares xeométricos. Cónicas. Funcións elementais. Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas. Derivadas.

PTES 1º BACHARELATO, MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I

1ª parte: Números reais. Logaritmos. Ecuacións e inecuacións. Resolución de sistemas de ecuacións lineais polo método de Gauss. Resolución de problemas de sistemas, de ecuacións, de matemática financeira, de interpolación e extrapolación lineal. Funcións reais: polinómicas, definidas a anacos, valor absoluto, parte enteira, racionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas. Continuidade dunha función nun punto e nun intervalo. Tipos de discontinuidade. Idea intuitiva de límite. Cálculo de límites dunha función nun punto. Tendencias, asíntotas, monotonía e curvatura.

2ª parte: Derivadas. Representación de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Interpretación das características dunha función a partir da súa gráfica. Estatística descritiva unidimensional (gráficos, medidas de centralización e de dispersión). Distribucións bidimensionais. Distribucións de probabilidade de variable discreta. Distribucións de probabilidade de variable continua.

PROCEDIMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Nas probas valorarase o uso de vocabulario e notación científica.

Polos erros ortográficos, o desorde, a falta de limpeza na presentación e a mala redación, poderán baixarse a cualificación da proba ata un punto, incluso máis en casos extremos.

Os exercicios deberán desenvolverse de forma razoada explicando sempre que é o que se quere facer e por qué.

As probas escritas serán elaboradas con preguntas que teñan o mesmo peso específico, salvo que se indique o contrario no enunciado das mesmas.

MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES NA ESO

- ♣ A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nos parciais.
- ♣ Para que un alumno ou alumna aprobe, esta cualificación final deberá ser **igual ou superior a 5**.
- ♣ O alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria de xuño, deberá facer unha proba extraordinaria en setembro, na que se examinará de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Para acadar unha **avaliación extraordinaria positiva**, o alumno deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**.
- ♣ Para o alumnado da ESO, en cada parcial a valoración do traballo realizado polo alumno no seu caderno, e entregado o día da proba, incrementará a cualificación do parcial ata un máximo do 20% da nota da proba.

MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES NO BACHARELATO

- ♣ A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas nos parciais.
- ♣ Para que un alumno ou alumna aprobe na convocatoria ordinaria, esta cualificación final deberá ser **igual ou superior a 5**.
- ♣ O alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria, deberá facer unha proba extraordinaria en xuño, na que se examinará de toda a materia, independentemente de que durante o curso tivera algunha avaliación aprobada. Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos esixibles que recolle esta programación. Para acadar unha **avaliación extraordinaria positiva**, o alumno deberá obter unha **nota igual ou superior a 5**.

Adaptación dos criterios de cualificación do 3º trimestre e finais con motivo da pandemia COVID-19.

Avaliación de pendentes.

- Nas actividades de recuperación do terceiro trimestre inclúense tamén as de recuperación de materias pendentes. Estas actividades serán tidas en conta xunto coas probas ou cuestionarios que se lle propoñan vía telemática.
- Avalíanse as dúas partes nas que foi dividido o programa do curso anterior. A primeira parte, xa avaliada, poderá recuperarse con tarefas a distancia no 3º trimestre, se fora preciso. A segunda parte requirirá a realización de actividades non presenciais, vía online, que tamén poderán incluír cuestionarios ou controis obrigatorios.
- Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba específica presencial de toda a materia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, sobre os contidos das dúas partes do temario. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a cualificación da 1ª proba parcial realizada antes do 13 de marzo de 2020.

A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se::

- √ - A cualificación da 1ª proba parcial foi superior ou igual a 5, e ademais se realizaron de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.

- √ - Tendo cualificación inferior a 5 na 1ª proba parcial, o alumnado realizou de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 1ª e 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.

Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.



As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- √ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- √ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- √ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- √ A interpretación da solución dos exercicios.

A casuística quedaría así::

| Cualificación da 1ª parte | Tarefas de recuperación no 3º trimestre: 1ª parte e/ou 2ª parte | Cualificación final en xuño |
|----------------------------------|--|--|
| Positiva N >= 5 | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ 120% da cualificación N da 1ª parte. |
| Positiva N >= 5 | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 3 |
| Negativa N < 5 | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ Suficiente: 5 |
| Negativa N < 5 | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 2 |

| Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro | |
|---|---|
|  | ➤ Cualificación positiva (>=5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
|  | ➤ Cualificación negativa (<=5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

ANEXO 1:

Programación didáctica da optativa de 2º de ESO asignada ao Departamento de Matemáticas:

XADREZ 2º ESO

CURSO: SEGUNDO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Obxectivos. Unidades. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe. Competencias clave. Procedementos de cualificación.

Os contidos mínimos, e as unidades, correspondentes aos 1º e 2º trimestres aparecerán referenciados nos correspondentes cadros cun resaltado amarelo.

No 3º trimestre, de forma non presencial, realizaranse tarefas de recuperación, reforzo e repaso dos contidos mínimos abordados nos dous primeiros trimestres.

Así mesmo, tamén serán propostas actividades de ampliación daqueles contidos non considerados mínimos, pero que poden ser de gran axuda para abordar o próximo curso escolar 2020-2021.

Os estándares de ampliación a traballar aparecerán nos cadros pero sen resalte algún.

OBXECTIVOS(Obx). UNIDADES(Un). CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE(CC). **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN(Cadros resaltados)**

Competencias clave(CC): Comunicación lingüística (CCL) - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) - Competencia dixital (CD) - Aprender a aprender (CAA) - Competencias sociais e cívicas (CSC) - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) - Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| Bloque 1: Fundamentos do xadrez | | | | |
|---------------------------------|---|--|---|--------------------------------------|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| • b • f • g | • B1.1. Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro. | • B1.1. Utilizar adecuadamente o taboleiro de xadrez. | • XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar. | • CMCCT |
| | | | • XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro. | • CMCCT • CAA |
| • b • h • i • o | • B1.2. Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez. | • B1.2. Coñecer as pezas e o seu vocabulario específico en diferentes linguas. | • XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro. | • CCL • CMCCT |
| | | | • XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez. | • CCL |
| • b • f • g • h • l | • B1.3. Movementos das pezas. • B1.4. Reloxo: tipos ao longo da historia. • B1.5. Valor das pezas. Equivalencias. | • B1.3. Aplicar adecuadamente os movementos e o valor das pezas de xadrez no xogo. | • XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez. | • CMCCT |
| | | | • XAB1.3.3. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez. | • CCL |
| | | | • XAB1.3.4. Utiliza o reloxos nunha partida. | • CMCCT |
| | | | • XAB1.3.5. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de operacións. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.3.6. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo. | • CCL • CMCCT • CAA • CSIEE |

| Bloque 1: Fundamentos do xadrez | | | | |
|---------------------------------|--|--|--|------------------|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| • b • f • g | • B1.5. Capturas das pezas. • B1.6. Ameazas e defensas. Xogadas erróneas. | • B1.4. Realizar adecuadamente en xogadas a captura das pezas, defensas e ameazas, e identificar cando son erróneas. | • XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza. | • CMCCT • CAA |
| • b • f • g | • B1.7. Enroque: curto e longo. Condicións para o enroque. | • B1.5. Utilizar os tipos de enroque e valorar o máis adecuado en cada caso. | • XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque. | • CMCCT |
| | | | • XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque. | • CMCCT • CAA |

| Bloque 2: O xogo en acción | | | | |
|----------------------------|---|---|--|------------------|
| Ob | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC |
| • b • f • g | • B2.1. Concepto de xaque. Defensa e tipos. • B2.2. Xaque mate. Mates famosos. • B2.3. Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón. • B2.4. Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas. | • B2.1. Coñecer e utilizar o xaque, o xaque mate e os mates máis famosos en xogadas con diferentes pezas e coas distintas combinacións. | • XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos. | • CMCCT |
| | | | • XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas. | • CMCCT • CAA |
| • b • f • g | • B2.5. Táboas: tipos. | • B2.2. Identificar e reproducir casos de táboas. | • XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas. | • CMCCT |
| | | | • XAB2.2.2. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada. | • CMCCT • CAA |
| • b • f • g | • B2.6. Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica). | • B2.3. Anotar correctamente os movementos dunha partida. | • XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida. | • CMCCT |
| | | | • XAB2.3.2. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos. | • CMCCT • CAA |
| | | | • XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas. | • CMCCT |

d1) Contidos por unidades, secuenciación e temporalización.

| Aval | UNIDADES DIDÁCTICAS | Referencia | Temporalización | Probas |
|------|---------------------|------------|-----------------|--------|
|------|---------------------|------------|-----------------|--------|

| Unid | Bloq | Contido | Referencia | Temporalización | | avaliación | | |
|----------|-----------|-----------|--|---|----------|------------------------------------|----------|----------|
| | | | | mes | Sesiões | | | |
| 1 | U1 | B1 | Fundamentos do xadrez | Busca e recopilación de textos diversos e internet e en bibliotecas e librerías. Soporte audiovisual de internet a través de plataformas Youtube e similares. | Setembro | | | |
| | | B1.1 | Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro | | | 1 | | |
| | | B1.2 | Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez | | | 1 | | |
| | U2 | B2 | O xogo en acción | | Outubro | | | |
| | | B2.1 | Concepto de xaque. Defensa e tipos. | | | 2 | | |
| | | B2.2 | Xaque mate. Mates famosos | | | 2 | | |
| | U3 | B3 | Transversalidade no xadrez | | Novembro | | 3 | |
| | | | | | B3.1 | Historia do xadrez. Lenda de Sissa | Decembro | 1 |
| | | | | | B3.2 | Campións e campioas do mundo | | 1 |

| UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Referencia | Temporalización | | Probas avaliación | | |
|---------------------|-----------|-----------|---|---|----------|---|----------|----------|
| Unid | Bloq | Contido | | mes | Sesiões | | | |
| 2 | U4 | B1 | Fundamentos do xadrez | Busca e recopilación de textos diversos e internet e en bibliotecas e librerías. Soporte audiovisual de internet a través de plataformas Youtube e similares. | Xaneiro | | | |
| | | B1.3 | Movimentos das pezas | | | 1 | | |
| | | B1.4 | Reloxo: tipos ao longo da historia | | | 1 | | |
| | | B1.5 | Capturas das pezas | | | 1 | | |
| | U5 | B2 | O xogo en acción | | Febreiro | | | |
| | | B2.4 | Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas . | | | 2 | | |
| | | B2.5 | Táboas: tipos | | | 1 | | |
| | U6 | B3 | Transversalidade no xadrez | | Marzo | | 1 | |
| | | | | | B3.3 | Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación , programas informáticos de xadrez. | | 1 |
| | | | | | B3.4 | Xadrez e matemáticas. | | 1 |

| UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Referencia | Temporalización | | Probas avaliación | | |
|---------------------|-----------|-----------|---------------------------------------|---|---------|---|----------|----------|
| Unid | Bloq | Contido | | mes | Sesiões | | | |
| 3 | U7 | B1 | Fundamentos do xadrez | Busca e recopilación de textos diversos e internet e en bibliotecas e librerías. Soporte audiovisual de internet a través de plataformas Youtube e similares. | Abril | | | |
| | | B1.6 | Ameazas e defensas. Xogadas erróneas. | | | 2 | | |
| | | B1.7 | Enroque: curto e longo. Condicións | | | 1 | | |
| | U8 | B2 | O xogo en acción | | Maio | | 1 | |
| | | | | | B2.7 | Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X | | 1 |
| | | | | | B2.8 | Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque | | 1 |
| | | | | | B2.9 | Introdución aos principios da apertura. Erros na apertura. | | 1 |
| | U9 | B3 | Transversalidade no xadrez | | | | 1 | |
| | | | | | B3.5 | Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc. | Xuño | 1 |
| | | | | | B3.6 | O xadrez na literatura, na música e no cine. | | 1 |
| B3.7 | | | | O xadrez nos medios de comunicación. | | 1 | X | |

d2) Grao mínimo de consecución para superar a materia (LOMCE)

XADREZ

Bloque 1: Fundamentos do xadrez.

- XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar.
- XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.
- XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.
- XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.
- XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.
- XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.
- XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.
- XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.
- XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.
- XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.
- XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.
- XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.

Bloque 2: O xogo en acción.

- XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.
- XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.
- XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas.
- XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida.

d3) Procedementos e instrumentos de avaliación (ESO)

A observación do traballo individual do alumno e o interese pola materia durante o trimestre pódese levar a cabo en todas as sesións lectivas. A destreza que se acadade na práctica competitiva dependerá, en boa medida do nivel inicial de xogo de cada alumna ou alumno. A *forza xadrecística* acadada non será, daquela, o principal elemento avaliable, concedéndose maior importancia á actitude e ao grao de progreso.

Nas clases deberase manter unha actitude de respecto ao profesor e aos compañeiros, facilitando desta maneira o labor educativo e non interrompíndoo. O maltrato do material e a actitude negativa que poña freo á labor educativa serán reflectidos no caderno de clase e surtirán efectos nas cualificacións trimestrais, segundo a ponderación establecida no seguinte punto.

g) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Avaliación inicial

No caso do xadrez, non tódolos alumnos tiveron ocasión de probar o xogo. A avaliación inicial consistirá en comprobar in situ mediante unhas partidas, o grado de coñecemento previo sobre o Xadrez. É esperable un nivel cero nunha cantidade significativa de alumnos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS

Avaliación.

A observación do traballo individual do alumno e o interese pola materia durante o trimestre pódese levar a cabo en todas as sesións lectivas. A destreza que se acadade na práctica competitiva dependerá, en boa medida do nivel inicial de xogo de cada alumna ou alumno. A *forza xadrecística* acadada non será, daquela, o principal elemento avaliable, concedéndose maior importancia á actitude e ao grao de progreso.

Nas clases deberase manter unha actitude de respecto ao profesor e aos compañeiros, facilitando desta maneira o labor educativo e non interrompíndoo. O maltrato do material e a actitude negativa que poña freo á labor educativa serán reflectidos no caderno de clase e surtirán efectos nas cualificacións trimestrais, segundo a ponderación establecida no seguinte punto.

Ao remate de cada período de avaliación haberá un exame de coñecemento dos contidos impartidos que suporá o 50% da cualificación. O traballo na aula e a actitude terán un peso do 30% da cualificación, mentres que a pericia como xogador amosada durante as partidas entre eles, suporá o 20% restante.

Adaptación dos criterios de cualificación do 3º trimestre e finais con motivo da pandemia COVID-19.

Avaliación do terceiro trimestre.

- Avalíase a actividade presencial ata o 13 de marzo de 2020, data na que entra en vigor o estado de alarma.
- O período non presencial serve para mellorar, recuperar e repasar.
- Non se terá en conta en senso negativo.
- Poderase avanzar sempre que non haxa alumnado que non o poida seguir.
- Os criterios de promoción e titulación quedan regulados pola normativa vixente (LOMCE), coas modificacións introducidas pola Orde EFP/365/2020, de 22 de abril (BOE do 24 de abril), e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, que recollerá contidos abordados na aula ata o 13 de marzo do 2020. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a media das cualificacións do 1º e 2º trimestres. A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se:
 - 21.- A cualificación media da 1ª e 2ª avaliación foi superior ou igual a 5.
 - 22.- Tendo cualificación media da 1ª e 2ª avaliacións inferior a 5, o alumnado realizou no seu caderno de forma satisfactoria todas as tarefas e actividades propostas para o 3º trimestre de forma non presencial.Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación dos trimestres 1º e 2º, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.

O nivel de eficiencia na elaboración das tarefas, o cumprimento dos prazos e a constatación por parte do profesorado de que se estivo realizando un esforzo persoal de mellora e recuperación, poderá subir a cualificación final ata nun 20% da media inicial.

As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

Graficamente sería:

| | 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN | AVALIACIÓN FINAL |
|--------|---------------|---------------|---------------|------------------|
| CASO 1 | | | | |
| CASO 2 | | | | |
| CASO 3 | | | | |
| CASO 4 | | | | |
| CASO 5 | | | | |
| CASO 6 | | | | |
| CASO 7 | | | | |
| CASO 8 | | | | |

| Cualificación final en xuño | |
|-----------------------------|--|
| | 120% da (Media da 1ª e 2ª avaliación) |
| | O valor numérico que sexa maior dos seguintes: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Media da 1ª e 2ª avaliación. ➤ Cualificación de 5. |
| | Media da 1ª e 2ª avaliación |

| Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro | |
|--|--|
| | ➤ Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
| | ➤ Cualificación negativa (< 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

Avaliación de pendentes.

- Nas actividades de recuperación do terceiro trimestre inclúense tamén as de recuperación de materias pendentes. Estas actividades serán tidas en conta xunto coas probas ou cuestionarios que se lle propoñan vía telemática.
- Avalíanse as dúas partes nas que foi dividido o programa do curso anterior. A primeira parte, xa avaliada, poderá recuperarse con tarefas a distancia no 3º trimestre, se fora preciso. A segunda parte requirirá a realización de actividades non presenciais, vía online, que tamén poderán incluír cuestionarios ou controis obrigatorios.
- Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba específica presencial de toda a materia.

Avaliación final.

- En setembro haberá unha convocatoria extraordinaria. A cualificación final será a obtida nunha proba específica presencial, ou telemática de non ser posible, sobre os contidos das dúas partes do temario. Esta proba cualificarase de 0 a 10.
- En xuño, a cualificación final tomará como punto de partida a cualificación da 1ª proba parcial realizada antes do 13 de marzo de 2020.

A cualificación final da convocatoria ordinaria será positiva se::

- ✓ - A cualificación da 1ª proba parcial foi superior ou igual a 5, e ademais se realizaron de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.
- ✓ - Tendo cualificación inferior a 5 na 1ª proba parcial, o alumnado realizou de forma satisfactoria as tarefas telemáticas, non presenciais, de recuperación da 1ª e 2ª parte, propostas polo profesorado. Estas tarefas deben ser enviadas por vía telemática e debidamente recollidas no caderno do alumnado.

Se algunha alumna, ou alumno, non fai entregas das tarefas de recuperación, sen causa xustificada, non poderá aprobar a materia.



As respostas ás tarefas, cuestionarios e/ou controis deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación será de cero puntos e/ou non satisfactorio.

No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:

- ✓ A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- ✓ A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- ✓ A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- ✓ A interpretación da solución dos exercicios.

A casuística quedaría así::

| Cualificación da 1ª parte | Tarefas de recuperación no 3º trimestre: 1ª parte e/ou 2ª parte | Cualificación final en xuño |
|---------------------------|---|--|
| Positiva $N \geq 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ 120% da cualificación N da 1ª parte. |
| Positiva $N \geq 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 3 |
| Negativa $N < 5$ | Realizadas de forma satisfactoria | ➤ Suficiente: 5 |
| Negativa $N < 5$ | Non realizadas de forma satisfactoria | ➤ Insuficiente: 2 |

| | Cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro |
|---|--|
|  | ➤ Cualificación positiva (≥ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada, sen decimais. |
|  | ➤ Cualificación negativa (≤ 5): Parte enteira da nota obtida na proba extraordinaria realizada. |

Esta adaptación da programación didáctica do Departamento de Matemáticas para o final do curso 2019-2020 é coñecida e aprobada por todos os seus membros.

A Comunidade Educativa pode consultar esta programación nas dependencias do IES de Sar e na páxina web do centro.

O profesorado dará información puntual da mesma ao seu alumnado, por vía telemática, e de forma específica en cada curso e materia, sobre os criterios de cualificación e contidos mínimos a ter en conta.

En Santiago, a 29 de abril de 2020.

Dna. Iolanda Raviña López

D. Anibal García Pinal

D. Alejandro Casas López

D. Xabier Garabal Sánchez